

ORDENANZA FISCAL N.º 15, REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

ARTIGO 1.–Fundamento e réxime

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), este concello establece a taxa pola utilización do polideportivo municipal, que rexerá esta ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao establecido no artigo 57 do TRLRHL.

ARTIGO 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa o uso do polideportivo municipal.

ARTIGO 3.–Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, ou as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria que soliciten a utilización das instalacións.

ARTIGO 4.–Cota tributaria

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa segundo a natureza da actividade tal e como se recolle no seguinte cadro de tarifas:

ACTIVIDADES DEPORTIVAS	€/HORA
ADESTRAMENTOS	6,95
COMPETICIÓNS SIN RECADACION	6,95
COMPETICIÓNS CON RECADACIÓN	20,82
ESPECTÁCULOS SEN RECADACION	17,36
ESPECTÁCULOS CON RECADACION	27,76
Tempo máximo dúas horas	
ACTIVIDADES NON DEPORTIVAS	
ACTOS BENÉFICOS OU CULTURAI	277,60
ACTIVIDADES PROFESIONAIS E LUCRATIVAS	555,22
Tempo máximo catro horas	

Estas tarifas se actualizarán anualmente según el Índice de Precios al Consumo publicado por el Instituto Nacional de Estadística en el mes de diciembre.

Gozarán de exención todos os actos que organice o Concello, os Colexios Públicos, os Partidos Políticos.

A Xunta de Goberno Local poderá bonificar ou eximir do pago da taxa, previos os informes que estime pertinentes, ás utilizacións con fins benéficos ou culturais de carácter especial, entendendo por tales os que gozan dunha especial relevancia para a comunidade local.

As entidades interesadas neste beneficio presentarán, dez días antes da celebración do acto, unha instancia na que se acrediten as circunstancias anteriores.

As entidades que teñan por finalidade o fomento do deporte no Concello e que organicen actos no pavillón con carácter periódico poderán solicitar un especial concerto económico co Concello. A aprobación do concerto correspóndelle á Xunta de Goberno Local previo informe da Comisión correspondente

ARTIGO 5.–Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a utilización do pavillón. Pódese esixir o depósito previo.

ARTIGO 6.–Xestión

As solicitudes de uso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello e serán informadas polo conserxe do pavillón.

O correspondente órgano municipal adoptará a resolución que proceda sobre a solicitude e, no seu caso, aprobará a liquidación da taxa.

ARTIGO 8.–Infraccións e sancións

En todo lo relativo a la calificación de las infracciones tributarias, así como a la determinación de las sanciones que por las mismas correspondan en cada caso, se aplicará el régimen regulado en la LGT y en las disposiciones que la complementan y desarrollan.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte da súa publicación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.